



A **portada (091)** consta de tres arquivoltas semicirculares que se apoian en dous pares de columnas as exteriores e sobre as xambas a interior. Ten chambrana de billetes. A arquivolta exterior é de baquetas e unha fila de billetes, e sepárase da seguinte cun chafrán de bolas. As outras dúas arquivoltas son de baquetóns.

O **tímpano (092)** non é o orixinal, que descoñecemos. O actual preséntase como un chafrán semicircular adornado de bolas e no centro un calvario soamente de cruces.

As **columnas** son de fuste monolítico, con basas entregas, de perfil ático con garras e plinto. Os capiteis son vexetais (094) menos un que é historiado (093). Os ábacos teñen un chafrán recto decorado con cordón e bolas.

Polo interior ten arco festonado cunha aresta achafranada decorada con bolas.

Os muros laterais son lisos e perderon o beiril románico. Na cara sur atópanse **tapiados os dous ocos (095)** en arco de medio punto das portas que a comunicaban co mosteiro. No lado norte, polos engadidos, desfixose parte do muro románico e perdeuse unha das ventás seteiras. Había tres en cada lado.



As portas laterais teñen lintel, enmochetado e derrame nas caras interiores.

As ventás que se fixeron nos corpos ampliados son rectangulares e con derrame ao exterior.

As **ventás románicas (096)** son seteiras con derrame interno, de directriz semi-circular en aresta viva, que se soporta por dúas columnas de fuste monolítico liso, basas de perfil ático con garras nas súas esquinas e con capiteis vexetais e historiados.

Polo interior, baixo a liña de ventás conserva unha imposta decorada en billetes.

A ábsida cóbrese cunha bóveda de canón lixeiramente peraltada e sostida por dous arcos faixóns en aresta viva que se apoian en dous pares de columnas entregas, de distinta altura e con basa de perfil ático con garras, fustes de semitambores e **capiteis historiados (097/098)**.

As bóvedas da capela e da sancristía tamén son de canón transversais á nave.

A nave, a partir da reforma de 1976, é a dúas augas, con cimbras á vista.

O **Retablo maior (099)** está dedicado á patroa: **Sta. Baia**. Cobre a cabeceira da ábsida totalmente. Ten tres rúas. Na do centro, enriba do sagrario ten un expositor no que colocaron unha imaxe do Neno Xesús. Na fornela principal atópase unha imaxe da **Magdalena (100)**. Nas das rúas laterais: o Sagrado Corazón e a Inmaculada. No ático, unha soa fornela central coa imaxe da Patroa.

Na capela hai o **retablo do Cristo (101)**. Seguindo o costume da época, sobre unha pintura do Calvario, con Xerusalén ao fondo, as figuras da Dolorosa e S. Xoán, tamén pintadas, e por diante a imaxe de Cristo na Cruz.

No extremo noroeste do adro consérvase unha pilastra con **reloxo de sol (102)** rematado en volutas nas que se apoia un busto humano. Ten a inscrición do ano 1813.

Capela de S. Cibrán

Unha nave de planta rectangular.

A fachada é lisa e remata en volutas estilizadas. Ao centro hai espadana de dobre oco coroada en frontón semicircular con cruz no centro e pináculos no remate.

A porta é sinxela co arco alintelado de tres doelas, enmochetado e derrame nas caras interiores.



Enriba dela un rosetón circular adornado en calado radial.
Nos laterais dous contrafortes que rematan en plano inclinado con cornixa moldurada.

O muro posterior é piñón con capeado.

FESTAS E ROMAXES DE DONAS

- Santa Baia: 10 de decembro.

